

**INSTITUTO GALEGO DE
PROMOCIÓN ECONÓMICA**

Resolución do 22 de maio de 2009 pola que se fai pública a reserva de crédito dispoñible para a concesión de axudas no ano 2009 ao abeiro das bases reguladoras da concesión polo Instituto Galego de Promoción Económica de axudas de salvamento e reestruturación a empresas en crise.

Mediante resolución do 26 de decembro de 2005 publicouse a nova regulamentación das bases regu-

ladoras de axudas de salvamento e reestruturación a empresas en crise (DOG número 3, do 4 de xaneiro de 2006).

Con data do 23 de decembro de 2008 o Parlamento de Galicia aprobou os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, publicados mediante Lei 16/2008 (DOG número 253, do 31 de decembro de 2008).

Polo que antecede,

RESOLVO:

Único.-Facer pública a reserva de crédito dispoñible para a concesión de axudas no ano 2009, ao abeiro das bases reguladoras da concesión polo Iga-pe de axudas de salvamento e reestruturación de empresas en crise, que será de 847.977,21 € que se financiarán con cargo á partida orzamentaria 02.01-E5/10/02- 656700 dos seus orzamentos.

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2009.

Joaquín Varela de Limia de Cominges
Director xeral do Instituto Galego de Promoción
Económica